



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA VINTE E SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE

(O TEXTO DA PRESENTE ACTA FOI EDITADO PARA ELIMINAR DATOS PROTEXIDOS POLA LOPD)

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

NICOLÁS VERGARA QUINTIANA

MANUEL PÉREZ RIOLA

MARIA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

JOSÉ CAMILO CASAL GARCÍA

ROBUSTIANO LABRAÑA BARRERO

LUIS RUBIDO RAMONDE

ALFREDO VILELA SANTALLA

PABLO LUIS NEBRIL LÓPEZ

M. LUISA PÉREZ PRIETO

ESTHER COUTO LAMIGUEIRO

AUSENTES:

ESTEBAN BLANCO GARROTE

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTOR:

JORGE MANUEL VIDAL ZAPATERO

No Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 27 de setembro de 2017, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión Ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA REALIZADA O DÍA 13.07.2017.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada o 13.07.2017.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de 13.07.2017, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 1.1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Pola Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día 22.09.2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 19.09.2017, que dí:

“A regulación estatal sobre o imposto sobre bens inmobles contempla unha medida de carácter medioambiental de carácter opcional para os Concellos que se considera axeitada incorporar ao texto da ordenanza.

O artigo 74.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais contempla a posibilidade de recoller unha bonificación de ata o 50 por cento da cota íntegra do imposto para os bens inmobles nos que se instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar.

O goberno municipal pretende introducir progresivamente criterios medioambientais nas respectivas ordenanzas fiscais que así o permitan para sensibilizar á cidadanía sobre o emprego de enerxías alternativas.

A medida está vinculada á instalación de sistemas de aproveitamento solar durante os primeiros anos da instalación e nos casos que non veña imposta por obriga legal o regulamentaria.

Por todo elo, propónse ao Pleno a aprobación da seguinte ordenanza, modificando a ordenanza anterior, para a súa aplicación no exercicio 2018.

PROPOSTA O PLENO

PRIMEIRO.- Modificar a ordenanza 1.1 reguladora do imposto de bens inmobles, incorporando un artigo 10 que quedaría redactado como sigue, e figurando como anexo o texto íntegro da ordenanza:

ARTIGO 10: BONIFICACIÓN A FAVOR DOS INMOBLES CON APROVEITAMENTO SOLAR

Os bens inmobles que teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía procedente do sol terán unha bonificación, do 50% da cota íntegra do imposto o primeiro ano e un 25% o segundo ano. Para a aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor engadan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

O mínimo en canto á dimensións e rendemento da instalación cumprirá co establecido no Documento Básico de Aforro de Enerxía contido no Código Técnico da Edificación.

Non será de aplicación esta bonificación cando a instalación dos sistemas de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria e non supere o mínimo esixido a tenor da normativa específica na materia.

SEGUNDO.- Exponer no Taboleiro de anuncios da entidade e no Boletín Oficial da Provincia durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

TERCEIRO.- Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente a Proposta da Alcaldía e proñer ao Pleno a súa aprobación.”

ORDENANZA 1.1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1: FUNDAMENTO E RÉXIME APLICABLE

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, do artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e dos artigos 15.2 a 59.1 do Real Decreto Lexislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, o Excmo. Concello de Cedeira procede a aproba-la presente ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos que a Lei remite á súa ponderación e regulación polo Pleno da Corporación Local.

O Imposto sobre bens inmobles regularase neste Concello polas súas normas reguladoras, contidas nos artigos 60 a 77 (Subsección segunda da Sección terceira do capítulo II do Título II) do Real Decreto Lexislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a mencionada Lei e pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2: NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE DO TRIBUTO.

O valor imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles.

ARTIGO 3: EXENCIONS.

3.1. Ademais das exencións recollidas nos apartados primeiro e segundo do artigo 62 do Real Decreto Lexislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes exencións:

- a) os bens inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 2,40 €
- b) os bens inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota líquida agrupada sexa inferior a 3 €

3.2. Os bens inmobles de características especiais non estarán exentos en ningún caso.

ARTIGO 4: TIPO DE GRAVAME

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos seguintes termos:

- a) o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,50%.*
- b) o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,46%.*
- c) o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 1,3%.*



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ARTIGO 5: BONIFICACIÓN PARA OS INMOBLES QUE CONSTITÚAN O OBXECTO DA ACTIVIDADE DE EMPRESAS DE URBANIZACIÓN, CONSTRUCCIÓN OU PROMOCIÓN INMOBILIARIA

5.1. Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

5.2 O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior ó seu remate, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

5.3. Para a aplicación desta bonificación, os interesados deberán presenta-la solicitude antes do inicio das obras ante o órgano competente achegando a seguinte documentación:

- a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, mediante certificado do técnico director competente das mesmas, visado polo colexio profesional.
- b) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estados da sociedade.
- c) Acreditación de que o inmovible é da súa propiedade e de que non forma parte do inmovilizado, o que se fará mediante copia da escritura pública ou acta catastral e certificación do administrador da sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, para efectos do Imposto sobre sociedades.
- d) no caso de que a acreditación do inmovible fora realizada nos últimos catro anos, copia da declaración del Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana ou liquidación deste.
- e) Fotocopia da alta ou último recibo do IAE.
- f) Fotocopia da licenza municipal de obras.
- g) Fotocopia do recibo do Imposto sobre bens inmobles, correspondente ó inmovible ó que se refire a solicitude de exención. No caso de que non se dispoña deste, certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro na que se faga constatar a referencia catastral do referido inmovible.

A acreditación dos requisitos anteriores poderá realizarse mediante calquera documentación admitida en dereito.

5.4. Á vista da documentación presentada, a Administración Pública competente ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida so surtirá efectos para o período impositivo seguinte ó inicio das obras, debendo solicitarse expresamente a súa prórroga para os períodos impositivos seguintes nos que sexa de aplicación, achegando os documentos que acrediten que se seguen cumprindo os requisitos establecidos anteriormente. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido no apartado anterior, dará lugar á inadmisión da mesma e á conseguinte denegación da bonificación.

5.5 Esta bonificación non será compatible con ningunha outra, salvo precepto legal que dispoña a compatibilidade.

ARTIGO 6: BONIFICACIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL E AS EQUIPARADAS SEGUNDO NORMATIVA AUTONÓMICA.

6.1. Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma.

Esta bonificación concederase a petición do interesado podendo solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma, e surtirá efectos, no seu caso, desde o



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

período impositivo seguinte ó da súa solicitude. Para isto, xunto ó escrito de solicitude de bonificación, o interesado deberá achega-la seguinte documentación:

- a) Fotocopia do NIF do titular do inmovible.
- b) Fotocopia de alteración catastral (modelo 901).
- c) Fotocopia da cédula de cualificación de vivenda de protección oficial.
- d) Fotocopia da escritura ou nota simple rexistral do inmovible.
- e) Se na escritura pública non consta a referencia catastral, fotocopia do recibo do IBI correspondente ó exercicio anterior.

6.2. Esgotados os tres anos para desfrutar da bonificación do apartado primeiro, estas vivendas gozarán durante os tres exercicios seguintes dunha bonificación do 40%, 25% e do 10% na cota íntegra do imposto respectivamente. Para a aplicación desta bonificación será requisito indispensable que o suxeito pasivo a solicite no ano anterior ó inicio achegando un certificado de empadramento do suxeito pasivo na vivenda obxecto da bonificación e declaración xurada ou promesa de continuar sendo titular do mencionado inmovible.

6.3. Esta bonificación será compatible coa bonificación regulada no artigo oito.

ARTIGO 7: BONIFICACIÓN ÁS COOPERATIVAS AGRARIAS E DE EXPLOTACIÓN COMUNITARIA DA TERRA

7.1. Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra dos bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/90, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

7.2. Esta bonificación non será compatible con ningunha outra, salvo precepto legal que dispoña a compatibilidade.

ARTIGO 8: BONIFICACIÓN A FAVOR DOS SUXEITOS PASIVOS QUE OSTENTEN A CONDICIÓN DE TITULARES DE FAMILIA NUMEROSA

8.1. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titular de familia numerosa terán dereito á bonificación establecida no apartado terceiro deste artigo sobre a cota íntegra aplicable ó ben inmovible de carácter residencial destinado a vivenda habitual coas seguintes características:

- a) Familia numerosa de categoría xeral.
- b) Familia numerosa de categoría especial.

8.2. Para a aplicación da bonificación deberán cumprirse dous requisitos:

- a) Cando o valor catastral da vivenda habitual non sexa superior ós 30.000 € terán unha bonificación do 90% sobre a cota íntegra.
- b) Cando o valor catastral da vivenda habitual se atope entre os 30.000,01 € e os 40.000 € terán unha bonificación do 70% sobre a cota íntegra.
- c) Cando o valor catastral da vivenda habitual se atope entre os 40.000,01 € e os 50.000 € terán unha bonificación do 50% sobre a cota íntegra.
- d) Cando o valor catastral da vivenda habitual se atope entre os 50.000,01 € e os 60.000 € terán unha bonificación do 20% sobre a cota íntegra.
- e) Cando o valor catastral supere os 60.000 € non terán dereito á bonificación.

En todo caso, para a aplicación desta bonificación, deberá cumprirse que a suma dos valores catastrais dos bens inmoibles sitos no Concello de Cedeira dos que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros desta non superen os 100.000 €

8.3. A aplicación desta bonificación ten o carácter rogado debendo achegar á solicitude:

- a) Certificado de empadramento dos membros da familia numerosa na vivenda obxecto da solicitude da bonificación con data entre 1 de xaneiro e 31 de marzo do ano no que se pretenda que se aplique a bonificación.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

b) Copia compulsada do título de familia numerosa vixente a un de xaneiro do exercicio en que deba ter efectos a bonificación.

8.4. A solicitude da bonificación deberá realizarse antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que produzan efectos. Á vista da documentación, a Administración competente ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só producirá efectos para o período impositivo no que se insta á súa concesión, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, achegando de novo a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra de prazo dará lugar á súa inadmisión e á conseguinte denegación da bonificación.

8.5 Esta bonificación é compatible coa regulada no artigo seis.

ARTIGO 9: BONIFICACIÓN A FAVOR DOS INMOBLES URBANOS EN NUCLEOS RURAIS

Conforme o artigo 74.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán dunha bonificación do 35% da cota íntegra os inmobles urbanos ubicados en todos os nucleos rurais do municipio que teñan esa condición conforme o disposto no vixente plan xeral de ordenación municipal. Esta bonificación será compatible con calquera outra que estableza esta ordenanza e será aplicable desde o 1 de xaneiro de 2014.

A bonificación aplicarase directamente pola Administración en base á información que facilite a Xerencia do Catastro

ARTIGO 10: BONIFICACIÓN A FAVOR DOS INMOBLES CON APROVEITAMENTO SOLAR

Os bens inmobles que teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía procedente do sol terán unha bonificación, do 50% da cota íntegra do imposto o primeiro ano e un 25% o segundo ano. Para a aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor engadan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

O mínimo en canto á dimensións e rendemento da instalación cumprirá co establecido no Documento Básico de Aforro de Enerxía contido no Código Técnico da Edificación.

Non será de aplicación esta bonificación cando a instalación dos sistemas de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria e non supere o mínimo esixido a tenor da normativa específica na materia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Salvo o establecido no articulado desta ordenanza ou norma con rango de lei, as bonificacións recollidas na ordenanza son incompatibles entre sí, aplicándose a máis favorable para o suxeito pasivo en caso de concurrencia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

As bonificacións reguladas nesta Ordenanza declaradas compatibles realizaranse aplicando a cota íntegra do imposto en primeiro lugar a bonificación regulada no artigo 6, ó resultado aplicaráselle, no seu caso, a bonificación regulada no artigo 8.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

As modificacións que introduzan na regulación desta ordenanza as leis de Presupostos Xerais do Estado ou calquera outra lei ou disposición e que resulten de aplicación directa, producirán, de se-lo caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada calquera outra ordenanza sobre o Imposto sobre Bens Inmóveis aprobada por este concello con anterioridade

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2018, mantendo a vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Rubido Ramonde di: Sólo sería unha cuestión de aclarar. Imos ver, as bonificacións o fin que teñen é incentivar. Aquí non queda moi claro si acolle tamén ás existentes durante dous anos ou as futuras que se instauren.

O Sr. Alcalde di: Recolle a todas as que non sexan obrigatorias. As que veñan a partir de agora, que xa teñen obriga por lei, esas non as recolle. Recolle todas aquelas que estean feitas de antes, que non teñan obriga por lei e que fagan esta mellora.

O Sr. Rubido Ramonde di: Incluso as existentes.

O Sr. Alcalde di: Incluso as existentes

O Sr. Rubido Ramonde di: Non está moi claro, pero bueno.

O Sr. Casal García di: Podería dar lugar a confusión, si. Eu, de feito, pensaba que era a partir de agora.

O Sr. Pérez Riola pregunta : ¿Pode ser con carácter retroactivo?

O Sr. Rubido Ramonde di: Sí, pode. Cando é en beneficio do contribuínte sí. Pero hai unha cousa. O finalismo das bonificacións é incentivar. Xa non se vai incentivar porque xa existen. Neste caso.

O Sr. Labraña Barrero di: Tamén non crear agravio cos que xa o fixeron.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Incentívase ó que veña despois.

O Sr. Alcalde di: Incentívase ó que pretende mellorar, que non teña obriga de facelo. Porque digamos que o existente que hai sí que tivo obriga de facelo.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. MODIFICACION ANEXO SUBVENCIONS NOMINATIVAS DO EJERCICIO 2017

Pola Secretaria dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día 22.09.2017, que di:

“Vista a proposta de Alcaldía do 19.09.2017, que di:

“Nos orzamentos municipais para 2017 figuran no Anexo de subvencións nominativas, entre outras a seguinte subvención:

Partida 334.489.00.- Cultura- Outras Transferencias		
G70238399	Asociación Rapa das Bestas da Capelada	3.000,00



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A asociación Rapa das Bestas da Capelada non organizou a rapa este ano polo que non se contempla a concesión da subvención nominativa. Pola contra, a Asociación Ecuestre A Crina presentou o 12 de setembro unha documentación referente a actividades efectuadas pola Asociación que o Concello considera de interese fomentar e promover.

Entre as actividades que propoñen están rutas a cabalo, concursos hípicas, probas de andadura, etc.

Non se alteran os importes total adicados á cultura, e únicamente se modifica o destinatario da subvención nominativa.

Por todo iso, e de conformidade co sinalado na normativa vixente, propónse modificar o anexo de subvencións nominativas do exercicio 2017 de modo que recolla estas variacións.

PROPOSTA

Aprobar a modificación do Anexo de Subvencións nominativas do orzamento 2017 que quedaría do seguinte modo:

Onde dicía:

Partida 334.489.00.- Cultura- Outras Transferencias		
G70238399	Asociación Rapa das Bestas da Capelada	3.000,00

Pasa a dicir:

Partida 334.489.00.- Cultura- Outras Transferencias		
G15936719	A Crina Asoc Ecuestre	3.000,00

A Comisión, por catro (4) votos a favor, do PSdG-PSOE (2), do BNG (1) e de ANOVA (1), e tres (3) abstencións do PP, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e proponer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. APROBACION DE FACTURAS RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL CRÉDITO 7-2017

Pola Secretaria dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día 22.09.2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 19.09.2017, que dí:

“Figurando pendente de pagamento diversas facturas por gastos pola realización de diferentes obras e servizos ou a adquisición de bens, que non puideron ser aplicadas ao correspondente exercicio por diversas razóns, é polo que, ao amparo do establecido nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais,

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

en materia de presupostos, e 14 das Bases de Execución do Presuposto, elévase ao Pleno da Corporación.

Figura no expediente informe de reparo da Intervención municipal polo trámite de facturas e gastos do exercicio anterior sen o preceptivo trámite orzamentario.

Tendo en conta que de non tramitar as facturas se trataría de un enriquecemento inxusto para a Administración pois se trata de gastos efectivamente realizados que teñen o seu conforme na recepción dos gastos ou servizos e que pola urxencia nos gastos se fixeron efectivos.

Por todo iso propónse ao Pleno, para a súa aprobación se así estímase oportuno, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente.

Segundo.- O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído que constan de 12 rexistros e un importe total de OITO MIL TRESCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (8.344,76€) nos termos que se detallan a continuación, quedando as facturas que se sinalan no apartado terceiro condicionadas a existencia de crédito.

Nº REX.	NUMERO FACTURA	DATA FRA.	D.N.I/ C.I.F.	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PRG	EC	IMPORTE
F/2017/1829	FE16137009704363	06/11/2016	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso (.587kW * 38.043426 Euros/kW y año * (20/366) días)	165	22100	13,70 €
F/2017/1830	FE16137007801206	09/10/2016	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso (.587kW * 38.043426 Euros/kW y año * (20/366) días)	165	22100	32,71 €
F/2017/1831	FE16137007801574	09/10/2016	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso (.587kW * 38.043426 Euros/kW y año * (20/366) días)	165	22100	36,28 €
F/2017/1833	FE16137011579308	04/12/2016	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso (.587kW * 38.043426 Euros/kW y año * (29/366) días)	165	22100	17,75 €
F/2017/1838	FE16137009704676	06/11/2016	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso (.587kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/366) días)	165	22100	16,36 €
F/2017/1840	FE16137012075164	13/12/2016	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso (.587kW * 38.043426 Euros/kW y año * (30/366) días)	165	22100	15,91 €
F/2017/1841	FE17137000453056	08/01/2017	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peaje de acceso (.587kW * 38.043426 Euros/kW y año * (20/366) días)	165	22100	12,02 €

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

F/2017/1886	RE17326000004282	04/07/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	POTENCIA ELEC. MODO 1 04/10/2016 - 02/12/2016 (CUPS ES0022000004989265LTIP	165	22100	374,25 €
F/2017/2314	37/CT	31/10/2014	B15800907	VILLASUSO ORTEGAL SL	ALQUILER CONTENEDOR ACERA CENTRO SAUDE 31.10.2014	450	20300	1.452,00 €
F/2017/2311	110/C	31/05/2014	B15800907	VILLASUSO ORTEGAL SL	TUBOS ALMACEN- OBRA CEDEIRA 31.05.2014	450	22199	508,20 €
F/2017/2313	204/C	31/10/2014	B15800907	VILLASUSO ORTEGAL SL	TUBOS ALMACEN- OBRA CEDEIRA 31.10.2014	450	22199	197,94 €
F/2017/2312	202/C	31/10/2014	B15800907	VILLASUSO ORTEGAL SL	H.MAQUINA EXCAVADORA/CAMION OBRA/ZAHORRA	450	20300 21000	5.667,64 €
							TOTAL	8.344,76 €

Terceiro.- Condicionar a existencia de crédito no orzamento en vigor as seguintes das facturas aprobadas no apartado anterior:

Nº REX.	NUMERO FACTURA	DATA FRA.	D.N.I/ C.I.F.	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PR G	EC	IMPORTE	
F/2017/2312	202/C	31/10/2014	B15800907	VILLASUSO ORTEGAL SL	H.MAQUINA EXCAVADORA/CAMION OBRA/ZAHORRA	450	20300 21000	5.667,64 €	CONDICIONADA
F/2017/2314	37/CT	30/08/2017	B15800907	VILLASUSO ORTEGAL SL	ALQUILER CONTENEDOR ACERA CENTRO SAUDE 31.10.2014	450	20300	1.452,00 €	CONDICIONADA

A Comisión, por catro (4) votos a favor, do PSdG-PSOE (2), do BNG (1) e de ANOVA (1), e tres (3) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Sólo aclarar que son facturas todas de Fenosa e dúas son de Vilasuso, que quedaron dende o ano 2014 pero que están debidamente conformadas, co cal procede, cando haxa crédito, o seu pago.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2018



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Pola Secretaria dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día 22.09.2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 18.09.2017, que dí:

“Con data 13 de setembro de 2017 ten entrada no rexistro do Concello escrito da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no cal se comunica o calendario laboral para o ano 2018 na Comunidade Autónoma de Galicia, e así mesmo, se solicita o envío da proposta do pleno ou órgano competente na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2018, que deberá remitirse a dito departamento territorial antes do día 15 de outubro de 2017.

Á vista da competencia do Pleno para o coñecemento ou aprobación destes días de festa, e considerando a conveniencia de que se manteñan os días 13 de xuño (San Antonio) e 26 de xullo (Santa Ana) como festivos locais, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Fixar como días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2018 os seguintes:

- 13 de xuño (San Antonio)
- 26 de xullo (Santa Ana)

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor, do PSdG-PSOE (2), do BNG (1) e de ANOVA (1), e tres (3) abstencións do PP acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

6. MOCIÓN CONXUNTA PARA INSTAR Á ÁREA SANITARIA DE FERROLTERRA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA SOLUCIONAR A CARENCIA DE PERSOAL SANITARIO NO CONCELLO DE CEDEIRA.

Pola Secretaria dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día 22.09.2017, que di:

“Vista a Proposta de data 18.09.2017 que dí:

“Os grupos políticos Anova, BNG e Psoc presentan ao Pleno do Concello para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte MOCIÓN :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A indignación da cidadanía pola carencia de persoal sanitario durante todo o ano e, nomeadamente, nos períodos vacacionais é manifesta e tradúcese nas continuas queixas que recibimos @s concelleir@s e o alcalde.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

As máis sobranceiras son as seguintes:

1.- Cando a pediatra está de baixa ou vacacións, compartimos profesional sustituto co concello de Valdoviño, que tan só viña 2 días á semana, tres horas cada día (desde hai uns días vén 3 en vez de 2).

2.- Cando un facultativo está de vacacións ou baixa, non se cobre a súa ausencia, incluso nos períodos vacacionais de verán, Nadal ou Semana Santa. Se son dúas as baixas, só se cobre unha.

3.- Non hai ningún facultativo de reforzo durante os meses de verán nin tan siquiera as vésperas dos "días grandes" como poden ser o 14 de agosto ou o día de ano vello, nos que a poboación se incrementa notablemente.

Todo o anterior tradúcese nunha merma notable da calidade do servizo e nas conseguíntes deficiencias na atención aos pacientes que soportan esperas impropias dun país do mundo rico en pleno século XXI.

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes acordos :

1.- Esixirlle á Área Sanitaria de Ferrolterra que tome canto antes as medidas necesarias para correxir as deficiencias sinaladas.

2.- Darlle traslado do acordo á mesma e ao Sergas.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor, do PSdG-PSOE (2), do BNG (1) e de ANOVA (1), e tres (3) abstencións do PP acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

7. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 342/2017 DE 28 DE XULLO RELATIVA Á SUBSTITUCIÓN DA SECRETARIA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Pola Secretaria dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día 22.09.2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 07.08.2017, que dí:

“Con data 28.07.2017 foi ditada a Resolución de Alcaldía núm. 342/2017 que se transcribe a continuación, da cal se solicita a súa ratificación polo Pleno da Corporación:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SUBSTITUCIÓN DA SECRETARIA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Mediante o acordo adoptado polo Pleno do Concello en data 08.07.2015, modificado mediante o acordo do 28.04.2016, foi constituída a Mesa Permanente de Contratación, designando os membros da mesma.

A secretaria da Mesa de Contratación, A.A.A., estará ausente os días 31.07.2017 e 01.08.2017; e o secretario suplente, D. B.B.B., foi nomeado Interventor acctal. mediante a Resolución de data 24.07.2017



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

da Directora Xeral de Administración Local, para o período comprendido entre o 31.07.2017 e o 14.08.2017.

Estando previsto a realización de Mesas de contratación entre os días 31.07.2017 e 01.08.2017, estímase necesario designar con carácter excepcional a un funcionario como secretario da Mesa de Contratación.

Por todo isto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Designar a don C.C.C., técnico de xestión do Concello de Cedeira, con carácter excepcional e durante os días 31.07.2017 e 01.08.2017, secretario da Mesa de Contratación, co fin de evitar a interrupción da actividade administrativa, para todos os procedementos de contratación do Concello de Cedeira nos que sexa legalmente esixible, ou así o prevexa o prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Dar conta da presente resolución ao Pleno municipal, para a súa ratificación na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Terceiro.- Publicar o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para coñecemento xeral.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 342/2017 do 28 de xullo.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:** RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 342/2017 do 28 de xullo.

8. RATIFICACIÓN A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 384/2017 DE 30 DE AGOSTO REALTIVA Á SUBSTITUCIÓN DA SECRETARIA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Pola Secretaria dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día 22.09.2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 08.09.2017, que dí:

“Con data 30.08.2017 foi ditada a Resolución de Alcaldía núm. 384/2017 que se transcribe a continuación, da cal se solicita a súa ratificación polo Pleno da Corporación:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SUBSTITUCIÓN DA SECRETARIA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Mediante o acordo adoptado polo Pleno do Concello en data 08.07.2015, modificado mediante o acordo do 28.04.2016, foi constituída a Mesa Permanente de Contratación, designando os membros da mesma.

A secretaria da Mesa de Contratación, A.A.A., estará ausente o día 31.08.2017; e o secretario suplente, D. B.B.B., foi nomeado Interventor acctal. mediante a Resolución de data 25.08.2017 da Directora Xeral de Administración Local, para o período comprendido entre o 28.08.2017 ata o 01.09.2017 (ambos inclusive).

Estando previsto a realización de Mesas de contratación o día 31.08.2017, estímase necesario designar con carácter excepcional a un funcionario como secretario da Mesa de Contratación.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Por todo isto, **RESOLVO**:

Primeiro.- Designar a don C.C.C., técnico de xestión do Concello de Cedeira, con carácter excepcional o día 31.08.20017, secretario da Mesa de Contratación, co fin de evitar a interrupción da actividade administrativa, para todos os procedementos de contratación do Concello de Cedeira nos que sexa legalmente esixible, ou así o preveña o prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Dar conta da presente resolución ao Pleno municipal, para a súa ratificación na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Terceiro.- Publicar o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para coñecemento xeral.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 384/2017 do 30 de agosto.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 384/2017 do 30 de agosto.

9. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2017 E AVANCE DE LIQUIDACIÓN

Dase conta ao Pleno do informe de Intervención de execución presupostaria no primeiro semestre de 2017 e avance da liquidación, asinado dixitalmente con data 15.09.2017, que literalmente di:

“INFORME SOBRE A EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2017 E AVANCE DA LIQUIDACIÓN

De conformidade co previsto no 207 de Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 56 das Bases de Execución do Orzamento remítese informe da execución do primeiro semestre e avance da liquidación do exercicio 2017, tanto no referente aos gastos como ingresos do exercicio.

Para o análise dos datos empregouse a funcionalidade SICALWIN facilitada pola Deputación para dar cumprimento á Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigacións de subministro de información previstas en la Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

A. GASTOS

A análise da evolución dos gastos presupostarios vaise realizar, con carácter xeral, por capítulos do Estado de Gastos, acompañándose ao presente informe un cadro detallado dos resultados do presente análise, a cal se pasa a analizar a continuación.

Con carácter previo, débese observar que, ao analizarse o estado do primeiro semestre do ano, se debe considerar correcto un estado de execución presupostario en torno ao 50%, polo que se entrarán a valorar especificamente aqueles casos en que do listado adxunto se derive unha porcentaxe de execución maior ou aos que afecten circunstancias especiais que requiran unha análise concreta. Sen embargo debe terse en conta que non todos os gastos teñen unha distribución constante no tempo (por exemplo os derivados de subvencións ou convenios de colaboración), polo que debería terse en conta esta circunstancia para valorar o cumprimento da execución orzamentaria.

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Por outra parte debe recordarse que nos seguintes cadros figuran os créditos e obrigas contabilizados, pero non se inclúe o dato das facturas pendentes de tramitar, que elevaría o grado de execución do orzamento, ou incluso provocando algún déficit entre os gastos efectivamente realizados e os créditos definitivos.

Datos da liquidación do primeiro semestre (datos da contabilidade a 30-06-2017)

CAPÍTULOS	Créditos Iniciais	Créditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Líquidos	% ORN/Cdtos. Totales
Gastos de Personal	2.299.670,00	2.398.304,84	1.007.828,79	962.023,42	42,02%
Gastos Bens Correntes	2.037.357,59	2.152.701,49	922.338,69	780.383,74	42,85%
Gastos Financeiros	5.300,00	5.300,00	151,27	151,27	2,85%
Transferencias Correntes	330.741,59	330.741,59	46.686,73	42.523,88	14,12%
Investimentos Reais	964.598,37	1.714.971,32	294.216,48	287.432,65	17,16%
Transferencias de Capital	15.700,00	15.700,00	668,85	668,85	4,26%
Activos Financeiros	5.000,00	5.000,00			0,00%
Pasivos Financeiros					
TOTAL	5.658.367,55	6.622.719,24	2.271.890,81	2.073.183,81	34,30%

CAPÍTULOS	Previsions Iniciais	Previsions Definitivas	Dereitos Netos	Recadación Líquida	% DRN/Prev. Def
Impostos Directos	2.011.000,00	2.011.000,00	956.805,37	956.805,37	47,58%
Impostos Indirectos	16.000,00	16.000,00	19.808,00	19.808,00	123,80%
Tasas e outros Ingresos	742.800,00	758.255,51	494.753,84	484.076,31	65,25%
Transferencias Correntes	2.351.312,47	2.536.586,16	1.086.259,12	1.086.259,12	42,82%
Ingresos Patrimoniais	95.734,20	95.734,20	2.106,52	2.106,52	2,20%
Transferencias de Capital	223.124,63	679.444,30	187.810,50	187.810,50	27,64%
Activos Financeiros	5.000,00	100.186,96			0,00%
Pasivos Financeiros	213.396,25	425.512,11			0,00%
TOTAL	5.658.367,55	6.622.719,24	2.747.543,35	2.736.865,82	41,49%

Os crédito extraordinario e suplementos de crédito recollidos no expediente MC 11 2017 CE 01 2017 SC 01 2017 entraron en vigor no segundo semestre, polo que non aparecen reflectido na listaxe.

A. GASTOS. No apartado dos gastos, o análise globalizado é o seguinte:

Capítulo I.- Gastos de Persoal

Obsérvase que, en xeral, este Capítulo presenta un estado de execución lixeiramente por debaixo da porcentaxe prevista (42,02%). Debe concluírse que, en xeral, non parece que vaian existir graves problemas presupostarios futuros.

Capítulo II.- Gastos en Bens Correntes e Servizos



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

As obrigas están no 42,85 por 100, pero algunhas partidas (por exemplo subvencionadas, festas, etc) teñen unha periodificación que non ten que coincidir co ano natural, polo que tampouco se prevén desaxustes importantes.

Capítulos 3 e 9. - Débeda Pública

En principio, estes Capítulos non presenta apenas movementos.

Capítulo 4. - Transferencias Correntes

As obrigas están no 14,12 por 100, pero a maior parte das subvencións foron obxecto de convocatoria posterior, polo que a periodicidade non ten porque coincidir co 50 por 100 que podería parecer axeitado a 30 de xuño.

Capítulo 6. - Investmentos Reais

Presenta un grao de execución bastante baixo (17,16 %) a 30 de xuño de 2017.

Capítulo 7. - Transferencias de Capital

As obrigas están no 4,26 por 100, pero a maior parte das subvencións foron obxecto de convocatoria posterior, polo que a periodicidade non ten porque coincidir co 50 por 100 que podería parecer axeitado a 30 de xuño

B. INGRESOS

Respecto ao Estado de Ingresos, a análise vaise realizar tamén por Capítulos, e respecto á magnitude de Dereitos Recoñecidos, aínda que, como advertencia previa, se debe recordar que en determinados capítulos, especialmente os capítulos 1 e 3, os estados de execución non teñen que gardar unha proporcionalidade en relación coa data natural do ano, dependendo en cada caso do momento en que se poñan ao cobramento ou se elaboren as respectivas listas cobratorias de recibos, e que a Deputación fai entregas e conta e posteriormente emite liquidacións polas diferenzas.

Capítulo I.- Impostos Directos

Neste Capítulo, no que se inclúen boa parte dos ingresos máis importantes municipais (IBI, Vehículos, IAE e IIVTNU), presenta un estado de execución lixeiramente inferior ao previsto na data de elaboración do presente informe (47,58 %). No desglose por aplicacións que se achega pode apreciarse o estado por cada un dos ingresos, no que destaca negativamente o IIVTNU (Plusvalía) cun 27,20 % de DRN sobre previsións definitivas.

Capítulo II.- Impostos Indirectos

Neste Capítulo unicamente se contabiliza o Imposto sobre Construcións, o cal presenta un grao de execución bastante superior ao previsto (123,80 %) xa no primeiro semestre. Agás que se liquiden obras de elevado importe no derradeiro trimestre, non se prevé que a recadación alcance o previsto inicialmente.

Capítulo III.- Taxas e Outros Ingresos

O estado de execución deste Capítulo, ofrece un porcentaxe do 65,25 % en dereitos recoñecidos sobre previsións definitivas, achegándose un desglose nos estados anexos. Destaca sobre as demais os



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

98.438,24 € recaudados na aplicación 332.00 (Taxa subministradoras de servizos, que na maior parte veñen por un ingreso extraordinario da Liquidación definitiva de 2016 por 89.629,73 € polo que é coxuntural.

Capítulo IV.- Transferencias Correntes

O estado de execución deste Capítulo ten un nivel de execución do 42,82% lixeiramente inferior ao previsto.

Capítulo V. - Ingresos Patrimoniais

O estado de execución deste Capítulo sitúase en torno ao 2,20% moi inferior pola falta de ingreso dos parques eólicos que estaba pendente de sentenza xudicial, cando menos polo Parque Eólico A Capelada.

Capítulos VI - Alienación de Investimentos Reais

Sen operacións

Capítulo VII -Transferencias de Capital

Correspóndense cos ingresos para investimentos e subvencións de capital (POS, FCA, PAS e outras subvencións da Deputación, principalmente) Emprégase o criterio de prudencia e en tanto non sexa esixible o dereito non se recoñecen como tales.

Capítulo VIII.- Activos Financeiros

Actualmente, contabilízanse neste capítulo unicamente as anotacións correspondentes a Remanente de Tesouraría e préstamos ao persoal. Únicamente o préstamo a persoal do Concello xenera dereitos orzamentarios e non distorsiona a estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

O emprego do remanente de tesourería como fonte de financiamento de modificacións presupostarias ao longo do exercicio incrementa as previsións definitivas pero non xenera dereitos orzamentarios por tratarse de un ingreso financeiro que xa foi obxecto de recoñecemento orzamentario en exercicios anteriores, polo que ao financiar gastos dos capítulos 1 a 7 con este recurso **repercute negativamente na estabilidade orzamentaria e na regra de gasto.**

Capítulo IX.- Pasivos Financeiros

A 30 de xuño non ten movementos. Presenta movementos nas previsións de ingresos pola solicitude do préstamos coa Deputación (PAI 2016) por un total de 212.115,86 € incorporada no orzamento.

D. TESOURARÍA

A evolución da Tesouraría Municipal (un dos aspectos que debe reflectir o presente informe, segundo establece o artigo 55º das Bases de Execución do Presuposto) pode reflectirse no seguinte cadro:

SALDOS a 30-06-2017	Nº de cuenta	Saldo
Caja Corporación		15,28 €

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Banco Santander	ES71 0030-6082-5908-6502-4273	28.207,12 €
Banco Sabadell	ES57 0081-2238-4100-0100-0705	624.189,97 €
Banco Sabadell (Polideportivo)	ES41 0081-2238-4800-0101-1902	69.770,56 €
Deposito Sabadell		300.000,00 €
Banco Pastor	ES57 0238-8151-9006-6000-0271	255.719,27 €
BBVA	ES70 0182-0622-4100-0000-0055	16.127,26 €
BBVA-Banco de Crédito Local	ES74 0182- 6244-4802-0015-0222	154.660,71 €
ABANCA	ES15 2080-5196-2931-1000-0027	507.941,23 €
ABANCA	ES52 2080-0207-6631-0000-0015	372.641,30 €
La Caixa	ES37 2100-4936-5822-0000-4470	163.474,40 €
TOTAL		2.492.747,10 €

AVANCE DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE 2017

Coincidindo coa emisión do presente informe sobre o Estado de Execución Presupostaria no Primeiro Semestre do Exercicio, pode emitirse o seguinte **Avance da Liquidación do Presuposto** regulado no apartado b) do artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e formado de acordo coa Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (ICAL) e co artigo 48º das Bases de Execución do Presuposto (BEP).

O devandito Avance da Liquidación, referido, polo menos, a seis meses do exercicio corrente, constitúe un dos documentos que debe formar parte do expediente sobre aprobación do Presuposto Xeral do próximo exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 168.1.b) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, polo que o presente se emite aos efectos da súa incorporación ao citado expediente.

I. EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO:

Segundo establece a ICAL e o citado artigo 48º das BEP, na Primeira Parte expresaranse os datos da Liquidación do Presuposto referida, polo menos, aos seis primeiros meses do exercicio, conforme aos datos e no formato que emane do correspondente programa informático que sostén a aplicación contable municipal, e nela porase de manifesto:

- a. En relación co Estado de Gastos:
 - Os créditos iniciais, as súas modificacións (distinguindo as incorporacións de remanentes de crédito das demais modificacións) e os créditos definitivos.
 - Os gastos autorizados (Fase A) e os comprometidos (Fase D), con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 - As obrigas recoñecidas netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 - Os pagamentos realizados, con indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigas recoñecidas netas, e as obrigas pendentes de pagamento.
 - Os remanentes de crédito.
- b. En relación co Estado de Ingresos:
 - As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.
 - Os dereitos recoñecidos, os anulados e os cancelados, así como os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas, así como a comparación entre ambas as dúas magnitudes.

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.
 - Os dereitos pendentes de cobramento.
- c. O Resultado Presupostario antes de axustes.

Neste sentido, dos datos emanados da contabilidade municipal no primeiro semestre do exercicio poden extraerse o seguinte resumo das magnitudes máis importantes, **na maior parte como mera elevación dos datos semestrais a anuais pola falta de datos máis específicos e da medios para unha simulación estatística máis fiable.**

Agora ben, debe terse en conta que está incorporado ao orzamento de 2017 a modificación orzamentaria do emprego do remanente de tesourería, polo que pode efectar **substancialmente.**

II. ESTIMACIÓN DE LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO:

Segundo establece a ICAL e as BEP, a Segunda Parte do Avance da Liquidación porá de manifesto os importes que se estime presentará a Liquidación do Presuposto do exercicio ao final deste, expresando, nivel de Capítulo. Se achega cuadro anexo coas estimacións da evolución dos créditos e das obrigas previstas cos seguintes matices e axustes.

Os importes non supoñen compromisos ou datos certos, se non meras previsións ou estimacións realizadas sobre os importes xa recoñecidos a data do terceiro trimestre de 2016 e cos datos incorporados do cuarto trimestre do exercicio anterior, agás excepcións puntuais. Por tanto os importes están suxeitos a variacións positivas ou negativas, modificacións orzamentarias polo que deben ser tratadas como meras previsións.

CAP	DENOMINACIÓN	Datos a 30.06.2017				2º Sem 2016	Estimacion DRN a 31.12.2017
		Prev. Iniciais	Prev. Definitivas	DRN Netos	Recadación Líquida	DRN 2º Sem 2016	
1	Impostos Directos	2.011.000,00	2.011.000,00	956.805,37	956.805,37	770.541,40	1.727.346,77
2	Impostos Indirectos	16.000,00	16.000,00	19.808,00	19.808,00	8.731,69	28.539,69
3	Tasas e outros Ingresos	742.800,00	758.255,51	494.753,84	484.076,31	327.997,71	822.751,55
4	Transf. Correntes	2.351.312,47	2.536.586,16	1.086.259,12	1.086.259,12	1.213.579,52	2.299.838,64
5	Ingresos Patrimonias	95.734,20	95.734,20	2.106,52	2.106,52	40.548,07	42.654,59
7	Transf. de Capital	223.124,63	679.444,30	187.810,50	187.810,50	292.708,90	480.519,40
8	Activos Financeiros	5.000,00	100.186,96				
9	Pasivos Financeiros	213.396,25	425.512,11				
	Total	5.658.367,55	6.622.719,24	2.747.543,35	2.736.865,82	2.654.107,29	5.401.650,64

CAP	DENOMINACIÓN	Datos a 30.06.2017				2º Sem 2016	Estimación ORN a 31.12.2017
		Créditos Iniciais	Créditos Definitivas	ORN Netos	Pagos Líquidos	ORN 4 2º Sem. 2016	
1	Gastos de Personal	2.299.670,00	2.398.304,84	1.007.828,79	962.023,42	1.165.811,97	2.173.640,76
2	Gastos Bens	2.037.357,59	2.152.701,49	922.338,69	780.383,74	1.028.776,07	1.951.114,76

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

	Correntes						
3	Gastos Financeiros	5.300,00	5.300,00	151,27	151,27	280,83	432,10
4	Transf. Correntes	330.741,59	330.741,59	46.686,73	42.523,88	78.441,25	125.127,98
6	Investimentos Reais	964.598,37	1.714.971,32	294.216,48	287.432,65	661.470,17	955.686,65
7	Transf. de Capital	15.700,00	15.700,00	668,85	668,85	15.700,00	16.368,85
8	Activos Financeiros	5.000,00	5.000,00				
9	Pasivos Financeiros					226.945,51	226.945,51
	Total	5.658.367,55	6.622.719,24	2.271.890,81	2.073.183,81	3.177.425,80	5.449.316,61

Aplicáronse dous axustes sobre os datos do 2016, no capítulo 7 e 9 de gastos para adecuarse ao crédito existente nas transferencias de capital e a previsión de amortización do préstamo do PAI 2015.

	30/06/2017	Estimacion 31/12/2017
TOTAL DRN	2.747.543,35	5.401.650,64
TOTAL ORN	2.271.890,81	5.449.316,61
Resultado orzamentario (sen axustes)	475.652,54	-47.665,97

O que se informa aos efectos en cumprimento do disposto no artigo 207 de Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 56 das Bases de Execución do Orzamento remítese informe da execución do primeiro semestre e avance da liquidación do exercicio 2017, tanto no referente aos gastos como ingresos do exercicio.

III. Estimación Remanente de Tesourería

Os datos son meras estimacións e datos provisionais, baseadas nos datos actuais que non deben empregarse para compromisos de gasto futuros.

Deben aplicarse posteriormente o financiamento afectado formado polas desviacións de financiamento positivas acumuladas que efectivamente resulten da liquidación, que reduciría o importe de remanente de tesourería de gastos xerais.

	Simulación
1.- Fondos Líquidos	2.492.747,10 €
Derechos pendientes de cobro:	
(+) Del Presupuesto Corriente	10.677,53 €
(+) De Presupuesto Cerrados	1.730,97 €
(+) De Otras Operaciones No Presupuestarias	7.377,35 €
2.- Total Derechos pendientes de cobro	19.785,85 €
Obligaciones Pendientes de pago	
(+) Del Presupuesto Corriente	198.707,00 €
(+) De Presupuesto Cerrados	3.366,38 €
(+) De Otras Operaciones No Presupuestarias	295.809,12 €
3.- Total Obligaciones pendientes de pago	497.882,50 €
I. Remanente de Tesorería (1+2-3+4)	2.018.610,83 €
II. Saldos de dudoso cobro	1.050,19 €
III. Exceso de financiación afectada	32.223,99 €
IV. Remanente de Tesorería para Gastos generales (I- II - III)	1.985.336,65 €

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

V. Saldo de obligaciones pendientes de aplicar al Presupuesto a final de periodo	13.148,42 €
VI. Saldo de acreedores por devolución de ingresos a final de periodo	13.568,34 €
VII. REMANENTE TESORERÍA GASTOS GENERALES AJUSTADO(IV-V-VI)	1.958.619,89 €
4.- Partidas pendientes de aplicación	3.960,38 €
(-) Cobros realizados pendientes de Aplicación Definitiva	3.140,56 €
(+) Pagos realizados pendientes de aplicación definitiva	7.100,94 €

Nota.-Este importe ven dunha simulación do programa contable que non ten en conta a devolución prevista do PAI 2015 por 226.945,51 € polo que o importe será inferior.

ESTIMACIÓN DO CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO 2017

	IMPORTE
+ DRN Operaciones Non Financeiras Presupuesto Corrente (Capítulos 1 a 5)	4.921.131,24
- ORN Operaciones No Financieras Presupuesto Corrente (Capítulos 1 a 4)	4.250.315,60
Aforro Bruto	670.815,64
+ DRN Resto Operaciones Non Financieras (Capítulos 6 y 7)	480.519,40
- ORN Resto Operaciones Non Financeiras (Capítulos 6 y 7)	972.055,50
Subtotal Operacións Non Financeiras	-491.536,10
Superávit (+) ou Necesidade de Financiamento (-)	179.279,54
- Axuste 1º (criterio caixa)	0
- Axuste 2º (int. Devengados)	0
- Axuste 3º (Operacións ptes. aplicar)	15.900,72
+ Axuste 4º (Reintegros PTE 2009)	1.404,63
+ Axuste subvencións sen DRN	0
Total Superávit (+) ou Necesidade de Financiamento (-)	164.783,45

ESTIMACIÓN DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO NO 2017

	Importe ORN 2016
A Gasto computable liquidación 2016 (sen Inv. Financeiramente sostibles)	4.110.977,36
B Inversiones financeiramente sostibles RTGG no 2016	0
C Subtotal (A-B)	4.110.977,36
D Tasa crecimiento PIB 2017 (2,2 %)	90.441,50
E Limite previo (C+D)	4.201.418,86
F Aumentos/Disminucións permanentes recadación no 2017 (Valor Catastral IBI)	118.256,08
G Limite Regla de Gasto	4.319.674,94
H Estimación Capítulos 1 a 7 de gastos ORN 2017	5.222.371,10
I Intereses de préstamos ORN 2017	0,00
J Subtotal empleos non financeiros excluidos intereses	5.222.371,10
	Axustes
K Gastos pendientes aplicar (axuste facturas ptes. 15/09/2017)	15.900,72

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

L	Gastos financiados con outras AAPP (dato liquidación 2016)	-762.341,84
M	Investimentos financeiramente sostibles RTGG 2016	0,00
N	Gasto computable liquidación 2017 (estimación)	4.475.929,98
O	Cumprimento regra de gasto 2017 (estimación)	-156.255,04

Os cálculos recollen os datos da liquidación xa aprobada de 2016 e as estimacións efectuadas segundo o sinaldo no informe.

Para o cálculo de incrementos permanentes, calculouse en función das variacións dos padróns fiscais do IBI aprobados pola Deputación entre 2017 e 2016. Entre eses exercicios, resultado da ponencia de valores aprobada no 2013 con efectos do 1 de xaneiro de 2014, nos que se vai incrementando a base liquidable e a cota tributaria do IBI durante 10 exercicios.

	Valor catastral	Base Liquidable	Padrón
PFIBI Urbana 2017	328.467.694,43	287.121.112,31	1.320.980,37
PFIBI Urbana 2016	310.384.703,59	263.362.397,02	1.217.566,08
Diferenza (2017-2016)	18.082.990,84	23.758.715,29	103.414,29

	Valor catastral	Total Cota	Padrón
PFIBI Rústica 2017	18.963.546,03	65.842,62	65.842,62
PFIBI Rustica 2016	15.853.207,09	52.919,64	52.919,64
Diferenza (2017-2016)	3.110.338,94	12.922,98	12.922,98

	Valor catastral	Base Liquidable	Padrón
PFIBI BICES 2017	11.742.733,90	6.248.444,54	81.229,78
PFIBI BICES 2016	11.742.733,90	6.100.844,02	79.310,97
Diferenza (2017-2016)	0,00	147.600,52	1.918,81

Estímase que o Concello cumprirá tanto o criterio de estabilidade orzamentaria cun superávit orzamentario de **164.783,45 €** como que se pode **incumprir** a regra de gasto na liquidación de 2017 en **-156.255,04€** segundo as estimacións realizadas.

Debe terse en conta seriamente a posibilidade do incumprimento da regra de gasto, que **no seu caso ocasionaría a aprobación dun novo plan económico-financeiro.**

Todo o cal infórmase aos efectos oportunos, e en execución do previsto no artigo 56º das Bases de Execución do Presuposto, dándose conta do presente informe ao Pleno da Corporación, tal e como se establece nese mesmo artigo.”

O Pleno queda enterado.

10. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto
2017/G003/000313	CONFORMIDADE COA EXECUCIÓN DA OBRA INCLUIDA NO PAS ADICIONAL 1/2015	00309/2017
2017/G003/000314	MC 12 2017 GC 05 2017	00310/2017
2017/G003/000315	DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE BRIGADA DE INCENDIOS	00311/2017
2017/G003/000316	APROBACIÓN EXPTE. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS	00312/2017
2017/G003/000317	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS TRABALLADORES CON OCUPACIÓN DE BAÑISTAS-SOCORRISTAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE PRAIAS	00313/2017
2017/G003/000318	DELEGACIÓN NA CONCELLEIRA Mª JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ PARA OFICIAR MATRIMONIO CIVIL	00314/2017
2017/G003/000320	NOMEAMENTO DE X.X.X.. PARA SUBSTITUCIÓN DAS AUXILIARES ADMINISTRATIVAS DAS OFICINAS XERAIS DO CONCELLO	00315/2017
2017/G003/000321	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00316/2017
2017/G003/000322	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE	00317/2017
2017/G003/000324	ADXUDICACIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO ENTORNO INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. PAS 2015	00318/2017
2017/G003/000325	APROBACION PROVISIONAL PADRONS FISCAIS	00319/2017
2017/G003/000329	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE DOTACIÓN PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E PASEO MAGDALENA. PAS 2015	00320/2017
2017/G003/000328	RESOLUCION EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO	00321/2017
2017/G003/000330	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 13 2017 TC 04 2017	00322/2017
2017/G003/000319	LEVANTAMENTO REPARO APROBACION DE FACTURAS	00323/2017
2017/G003/000331	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	00324/2017
2017/G003/000332	ALTA DA ASOCIACION CULTURAL DA TERCEIRA IDADE ATURUXEIRAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONS VECIÑAIS	00325/2017
2017/G003/000333	ALTA DA ASOCIACION DE ACORDEONS DE CEDEIRA NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONS VECIÑAIS	00326/2017
2017/G003/000334	ALTA DA ASOCIACION CULTURAL PRO-CEDEIRA NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONS VECIÑAIS	00327/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000335	ALTA DA ASOCIACION CEDEIRA SOCIEDAD DEPORTIVA NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES VECIÑAIS	00328/2017
2017/G003/000336	APROBACIÓN DO ACORDO DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO Ó CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER	00329/2017
2017/G003/000337	ALTA DA ASOCIACION ESCOLA DE MUSICA E BAILE TRADICIONAL BUXAINAS	00330/2017
2017/G003/000338	ALTA DA ASOCIACION DE PATCHWORK DE CEDEIRA NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES VECIÑAIS	00331/2017
2017/G003/000339	ALTA DA ASOCIACION LOCAL DE AMAS DE CASA DE CEDEIRA Y DEL CONSUMO FAMILIAR DE CEDEIRA NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES VECIÑAIS	00332/2017
2017/G003/000341	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 14 2017 GC 06 2017	00333/2017
2017/G003/000340	LEVANTAMENTO DE REPARO- PAGAMENTO HORAS EXTRAORDINARIAS A X.X.X.	00334/2017
2017/G003/000342	ALTA DA ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES VECIÑAIS	00335/2017
2017/G003/000326	NOMINA XULLO 2017	00336/2017
2017/G003/000343	CONTRATACIÓN DUNHA LIMPADORA POLA BOLSA DE TRABALLO PARA SUBSTITUCIÓN DE X.X.X.	00337/2017
2017/G003/000344	CONTRATACIÓN DUNHA LIMPADORA POLA BOLSA DE TRABALLO PARA SUBSTITUCIÓN DE X.X.X.	00338/2017
2017/G003/000345	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCIÓN DE X.X.X.	00339/2017
2017/G003/000347	APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO.	00340/2017
2017/G003/000348	NOMEAMENTO DUNHA FUNCIONARIA INTERINA PARA CUBRIR NECESIDADES URXENTES E INAPRAZABLES	00341/2017
2017/G003/000346	SUBSTITUCIÓN DA SECRETARIA DA MESA DE CONTRATACIÓN	00342/2017
2017/G003/000349	ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA	00343/2017
2017/G003/000350	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCIÓN DE X.X.X.X	00344/2017
2017/G003/000351	CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR VACACIÓNS	00345/2017
2017/G003/000352	TOMA COÑECEMENTO NOMEAMENTO ACCIDENTAL DO POSTO DE INTERVENTOR	00346/2017
2017/G003/000353	REMISION DA OFERTA DE EMPREGO AO SERVIZO PUBLICO DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA	00347/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000354	APROBACION ABOAMENTO ANTICIPADO DA SUBVENCIÓN A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO	00348/2017
2017/G003/000355	MC 15 2017 TC 05 2017	00349/2017
2017/G003/000356	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DA 2ª BANDEIRA CONCELLO DE CEDEIRA DE TRAIÑEIRAS	00350/2017
2017/G003/000357	NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO PARA A COMISIÓN DE SELECCIÓN DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA	00351/2017
2017/G003/000361	AVOCACION DE COMPETENCIA E APROBACION AUTOLIQUIDACION TAXA CCAA GALICIA PARA AMPLIACION HORARIOS	00352/2017
2017/G003/000358	ALTA DA ASOCIACIÓN LOCAL CULTURAL BUXAINAS DE CEDEIRA NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS	00353/2017
2017/G003/000359	ALTA DA ASOCIACIÓN LOCAL ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS	00354/2017
2017/G003/000360	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE	00355/2017
2017/G003/000362	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	00356/2017
2017/G003/000363	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PERSOA PARA OFICINAS DE INFORMACIÓN TURISTICA AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	00357/2017
2017/G003/000365	LEVANTAMENTO DE REPARO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS PARA O ANO 2016	00358/2017
2017/G003/000366	CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA RESOLUCIÓN 318/2017 DE 14 DE XULLO	00359/2017
2017/G003/000367	MODIFICACIÓN DAS DATAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DA BRIGADA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS	00360/2017
2017/G003/000368	CONCESIÓN DE LICENZA POR ASUNTOS PROPIOS A D.ª X.X.X. E A X.X.X.	00361/2017
2017/G003/000370	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE da obra "ACONDICIONAMENTO ENTORNO INSTALACIÓNS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS"	00362/2017
2017/G003/000371	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL	00363/2017
2017/G003/000372	NOMEAMENTO DE X.X.X. PARA SUBSTITUCIÓN DA AUXILIAR ADMINISTRATIVA DAS OFICINAS XERAIS DO CONCELLO	00364/2017
2017/G003/000373	MANDAMENTO PAGO A XUSTIFICAR-ANTICIPO DE CAIXA FIXA	00365/2017
2017/G003/000374	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 301/2017	00366/2017
2017/G003/000375	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00367/2017
2017/G003/000376	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00368/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000377	ALTA DA ASOCIACION CLUB DISCALZAS S.D NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONS VECIÑAIS	00369/2017
2017/G003/000379	APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA MC 11 2017 CE 01 2017 SC 01 2017	00370/2017
2017/G003/000378	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00371/2017
2017/G003/000381	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE	00372/2017
2017/G003/000382	MANDAMENTO PAGO A XUSTIFICAR PARA PAGO ITV VEHICULO MATRICULA 3661FFC	00373/2017
2017/G003/000385	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 93/2017, X.X.X. CONTRA CONCELLO DE CEDEIRA	00374/2017
2017/G003/000380	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 93/2017, X.X.X.	00375/2017
2017/G003/000383	MANDAMENTO PAGO A XUSTIFICAR PARA PAGO ITV VEHICULO MATRICULA XXXFPW	00376/2017
2017/G003/000384	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 16 2017 GC 07 2017	00377/2017
2017/G003/000386	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 265/2017	00378/2017
2017/G003/000387	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00379/2017
2017/G003/000388	TOMA COÑECEMENTO NOMEAMENTO ACCIDENTAL DO POSTO DE INTERVENTOR	00380/2017
2017/G003/000389	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	00381/2017
2017/G003/000390	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 371/2017	00382/2017
2017/G003/000391	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00383/2017
2017/G003/000392	SUBSTITUCION DA SECRETARIA DA MESA DE CONTRATACION	00384/2017
2017/G003/000393	NOMINA AGOSTO 2017	00385/2017
2017/G003/000394	REINGRESO Ó SERVIZO ACTIVO DE D ^a . X.X.X., FUNCIONARIA DE CARREIRA DO CONCELLO DE CEDEIRA	00386/2017
2017/G003/000395	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCIÓN POR VACACIÓNS	00387/2017
2017/G003/000396	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCIÓN POR VACACIÓNS DE X.X.X.	00388/2017
2017/G003/000397	CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE CINCO PERSOAS PARA FOMENTO DE EMPREGO DE PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA	00389/2017
2017/G003/000398	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 367/2017	00390/2017
2017/G003/000400	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00391/2017
2017/G003/000399	NOMEAMENTO DE X.X.X. PARA SUBSTITUCIÓN DA AUXILIAR ADMINISTRATIVA X.X.X.	00392/2017
2017/G003/000401	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00393/2017
2017/G003/000402	MODIFICACION DO DECRETO 383/2017 DO 29.08.2017	00394/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000403	APROBACIÓN PLAN SEG. E SAÚDE DE DOTACIÓN PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E PASEO MAGDALENA	00395/2017
2017/G003/000404	MANDAMENTO PAGO A XUSTIFICAR PARA PAGO ITV VEHICULO MATRICULA XXXFFC	00396/2017
2017/G003/000406	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACIÓN DE PREMIOS II CONCURSO DE FOTOGRAFIA OBXECTIVO CEDEIRA”	00397/2017
2017/G003/000407	OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA	00398/2017
2017/G003/000408	AVOCACIÓN DE COMPETENCIA E APROBACIÓN FACTURA X.X.X.	00399/2017
2017/G003/000409	OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA	00400/2017
2017/G003/000405	OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA	00401/2017
2017/G003/000410	APROBACION INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS DA ESTRADA DP-2204- AS PONTIGAS	00402/2017
2017/G003/000411	OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA	00403/2017
2017/G003/000412	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00404/2017
2017/G003/000413	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00405/2017
2017/G003/000414	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00406/2017
2017/G003/000415	MANDAMENTO PAGO A XUSTIFICAR PARA PAGO ITV VEHICULO MATRICULA XXXXNL	00407/2017
2017/G003/000416	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DE FACTURAS SETEMBRO 2017	00408/2017
2017/G003/000419	ALTA DA ASOCIACION DE PAIS DE ALUMNOS “O BECO” DO I.E.S. DE CEDEIRA NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES VECIÑAIS	00409/2017
2017/G003/000418	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DO 1 DE XUÑO AO 31 DE AGOSTO DE 2017	00410/2017
2017/G003/000421	RESOLUCION DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICION EN MATERIA DE TRAFICO, CIRCULACION DE VEHICULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA	00411/2017
2017/G003/000420	RESOLUCION DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICION EN MATERIA DE TRAFICO, CIRCULACION DE VEHICULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA	00412/2017
2017/G003/000417	RESOLUCION DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICION EN MATERIA DE TRAFICO, CIRCULACION DE VEHICULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA	00413/2017
2017/G003/000422	MANDAMENTO PAGO A XUSTIFICAR PARA PAGO ITV VEHICULO MATRICULA XXXXFPW	00414/2017
2017/G003/000423	OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA	00415/2017
2017/G003/000424	DESIGNACION DE AVOGADO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 549/2017, X.X.X. CONTRA CONCELLO DE CEDEIRA	00416/2017
2017/G003/000425	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL EN SUSTITUCIÓN DA TITULAR POR BAIXA IT E PERMISO DE	00417/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

	MATERNIDADE	
2017/G003/000426	OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA	00418/2017
2017/G003/000427	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 42/2017	00419/2017
2017/G003/000428	OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA	00420/2017
2017/G003/000429	ADXUDICACIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN E MELLORAS BEIRARRÚAS E NA PAVIMENTACIÓN DA AV. AREA E RÚA FRAGA IRIBARNE	00421/2017
2017/G003/000430	NOMEAMENTO DE D. X.X.X. COMO AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA SUBSTITUCIÓN DE DONA X.X.X..	00422/2017
2017/G003/000435	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	00423/2017
2017/G003/000436	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO-LOCOMOCIÓN	00424/2017
2017/G003/000431	PROPOSTA AUTORIZACIÓN PARA ASISTENCIA A CURSO DE MANTEMENTO HIXIÉNICO SANITARIO	00425/2017
2017/G003/000432	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 404/2017	00426/2017
2017/G003/000433	OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA	00427/2017
2017/G003/000434	OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA	00428/2017
2017/G003/000437	OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA	00429/2017
2017/G003/000438	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 27.09.2017	00430/2017

O Pleno queda enterado.

11. MOCIÓNS DE URXENCIA

O Sr. Alcalde di que a moción non se puido levar á comisión informativa do venres pasado porque entrou ese mesmo día no rexistro do Concello e non lles deu tempo a poder presentala.

Pola Presidencia infórmase que se somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, a seguinte moción á que pola Secretaria dáse lectura:

11.1. MOCIÓN SOBRE A ADHESIÓN Á XUNTA PRO DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS E APOIO AO MANIFESTO DESTA PLATAFORMA CÍVICA

Os grupos municipais de ANOVA, PSdeG-PSOE e BNG e do Concello de Cedeira presentan a seguinte moción sobre a **adhesión á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás e apoio ao manifestó desta plataforma cívica.**

Exposición de motivos

O 18 de xullo de 1936 producíase unha sublevación militar e fascista contra o goberno democrático e lexítimo da República. Aquí, en Galicia, non houbo guerra civil, senón un auténtico xenocidio, comezando a “era do terror, os encadeamentos inxustificadas, os fusilamentos sen formación de causa, as



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

matanzas en masa”, como publicaba Maruja Mallo en agosto de 1938 nas súas crónicas desde o exilio *Relato veraz de la realidad de Galicia*.

A Junta por Pazo del Caudillo foi unha iniciativa tomada en marzo de 1938 e da que formarían parte o gobernador Civil da Coruña, Deputación, alcaldes da provincia, significados empresarios, dirixentes franquistas e representantes da banca, Cámara de Comercio e empresas de comunicación. Con esta doazón - entregada a Franco, como Xefe do Estado, o 5 de decembro de 1938- pretendían conseguir os favores de Franco, aproveitando as súas estadias estivais no pazo de Meirás.

A adquisición do pazo de Meirás aos herdeiros da Condessa de Pardo Bazán e a propiedade doutros elementos patrimoniais foi un roubo e un espolio continuado, que se disfrazou, fraudulentamente, como unha doazón e compra-venta. Os métodos utilizados foron diversos: desconto do salario de funcionariado e persoas traballador (as coaccións eran tan extremas que algúns alcaldes ditaban bandos advertindo da formación de listaxes negras con aquelas persoas que se negasen a pagar esa “doazón voluntaria”); achegas dos concellos; ampliación da propiedade que pasa de 5,7 a 9 hectáreas de terras limítrofes, conducindo os propietarios perante notario pola forza en camións militares para asinar unha compra-venta a 2 pesetas o metro cadrado, que nunca cobrarían; desviación irregular de fondos e recursos públicos ao pazo, etc.

Podemos falar dun espolio de moitos espolios porque dentro do mesmo pazo de Meirás hai pezas arqueolóxicas de importante valor como cruceiros, fontes, balaústres ou escudos traídos doutros lugares ou de pazos galegos. Así, por exemplo, o Pazo de Bendaña (Dodro) foi practicamente desmantelado para instalar na residencia de verán dos Franco elementos como gravados, figuras da capela e as propias pedras. O párroco do Mosteiro de Moraimo (Muxía) denunciaba a desaparición, por orde da esposa de Franco, de dúas pezas de granito, unha delas utilizada como pía bautismal. Tamén acabaron no pazo de Meirás dúas esculturas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago etc.

Despois da morte do ditador, o 20 de novembro de 1975, a familia Franco recibiu un trato privilexiado, cousa insólita nun país democrático. A viúva recibía unha paga anual superior ao salario do presidente do Goberno. A familia vendeu propiedades doadas a Franco como Xefe do Estado, tivo todo tipo de facilidades para especular con fincas e casas e hoxe teñen unha fortuna de máis de 600 millóns de euros. Poucos días despois de morrer o ditador, o rei Juan Carlos concedía os títulos de Señorío de Meirás e Ducado de Franco, que aínda conservan.

Manter hoxe todas esas propiedades nas mans da familia de Franco e esas distincións, é unha ofensa ás vítimas do franquismo e a toda a cidadanía. Que este espolio continuado se manteña despois de corenta anos de democracia á unha vergoña de Estado. Sería admisíbel que en Alemaña ou Italia os herdeiros dos ditadores e criminais detendasen hoxe propiedades conseguidas durante o réxime de terror? Sería posible a existencia de Fundacións dedicadas a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Cómpre defender a devolución do pazo de Meirás ao patrimonio público a través dunha fronte ampla e unitaria, que agrupe a institucións, entidades e sociedade civil. Cómpre reparar a honra e dignidade das vítimas do franquismo e das persoas que foron roubadas e forzadas a ceder diñeiro e propiedade baixo ameazas e utilizando a violencia máis extrema.

Por todos estes motivos, os grupos municipais do ANOVA, BNG e PSdeG-PSOE presentan á consideración do Pleno os seguintes

Acordos

A. Aprobar a incorporación do concello de Cedeira á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

B. Apoiar o seguinte manifestó da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás:

1.- Facemos un chamamento a institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais, fundacións, etc. Para que aproben a súa incorporación a esta Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.

2.- Despois de que a familia do ditador Franco encargase á chamada Fundación Nacional Francisco Franco (FNFF) a xestión das visitas ao pazo de Meirás e que a FNFF declarase que “es una excelente oportunidad para mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco”, condenamos as declaracións da citada Fundación, que son unha apología do franquismo e manifestamos o apoio á memoria das vítimas do franquismo.

3.- Rexeitamos a xestión por parte da FNFF do programa de visitas ao Ben de Interese Cultural (BIC) Pazo de Meirás e apoiamos a demanda do Concello de Sada de que sexa esta administración quen a xestione.

4.- Instamos á Xunta de Galicia a que esixa que se cumpra o réxime de visitas ao BIC, segundo o disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista na Lei para ditas infraccións.

5.- Instamos ás Cortes, Grupos Parlamentarios e goberno do Estado para que tomen as iniciativas legislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que, como a FNFF, teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

6.- Apoiamos a realización dun estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre os pasos concretos a dar para lograr a súa devolución e incorporación ao patrimonio público. Demandamos, así mesmo, da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas as iniciativas para conseguir ese obxectivo.

7.- Reclamamos a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao Pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria histórica.

8.- Pedimos ás distintas institucións e concellos que presenten iniciativas ou mocións de apoio a este manifesto.”

Polo Sr. Presidente se somete a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

Aberto o turno de intervencións o Sr. Rubido Ramonde di: Nós ímola apoiar, facendo unha observación, que non ten trascendencia xurídica, pero bueno, de que a apoiamos en todo en canto non se contradiga coa proposición non de lei presentada polo Partido Popular no Parlamento Galego. É unha observación.

A Sra. Rodríguez Pérez pregunta: ¿Qué proposición foi?

O Sr. Alcalde pregunta: ¿Qué proposición é?

O Sr. Rubido Ramonde di: A proposición non de lei presentada sobre a materia. Foi presentada no Parlamento Galego polo Partido Popular.

O Sr. Alcalde di: Non a coñezo.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: En esencia é o mesmo obxectivo.

O Sr. Pérez Riola di: É unha proposición de que se devolva ó público sin ter que pagar.

O Sr. Rubido Ramonde di: Si, bueno, axustado sempre á lei.

A Sra. Rodríguez Pérez di: É que había un debate con ese tema.

Sometida a votación ordinaria a moción transcrita, resulta APROBADA por unanimidade dos membros presentes.

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún outro asunto.

12. ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Rubido Ramonde pregunta: ¿O pumtrack onde se vai ubicar?

O Sr. Alcalde di: Ao lado da estación de autobuses. Na pista que hai onde está a pista de tenis.

O Sr. Rubido Ramonde di: Na pista de tenis. Vaise destruír a pista de tenis.

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Rubido Ramonde pregunta: ¿E o terreo que hai ao lado? ¿Non colle esa zona?

O Sr. Alcalde di: Non. Solo a pista de tenis.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu diría que non está concluído, pero esos terreos ofrecéronse a Sanidade para o futuro centro de saúde. Penso que o trámite non se acabou, pero iniciouse. Ten informe favorable de Sanidade. O único que lle faltaban eran 200 metros, que a nosoutros dixéronnos que o negociáramos co solar do lado. E o destino dese solo é destino urbanístico sanitario e social. Penso que debíanse buscar alternativas. Vostede fixo alusións sempre ó centro de saúde. Nós solo prometimos aportar o terreo a Sanidade para a construción dun novo centro de saúde. Nada máis. Nunca nos comprometimos, porque non podemos, porque non tiñamos ningún tipo de poder sobre a Xunta, pero era iso, simplemente aportar o terreo. Desta maneira me parece a min que se van meter 60.000 euros cando é unha construción menor que se podía ubicar en outro sitio.

O Sr. Alcalde di: Non é unha construción menor. Estamos falando dunha pista que vai ter 40 por 22 metros cuadrados, co cal é unha pista bastante grande. E eu creo que falar do asunto do centro de saúde hoxe non sería o día. Aí houbo unha subvención que era para facer o centro de saúde co cal o centro de saúde tiña que estar completamente rematado o 31 de decembro de 2015, co cal xa non houbo ningún trámite, nin segue estando esa dotación orzamentaria para poder facelo. Eso xa o primeiro. Co cal todos esos informes que vostede di nosoutros e os técnicos do Concello os descoñecemos. Pero o que está claro é que esa subvención que había para facer un centro de saúde, que creo que eran dous millóns catrocentos ou dous millóns seiscentos publicados no BOE, tiña que estar rematado o 31 de decembro de 2015. Co cal está completamente perdido. Si mañá se pode conseguir que nos den esa financiación ou esa subvención para facer un centro de saúde, non se preocupe, que encontraremos unha ubicación para poder facelo.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: Imos ver, a subvención era o 50% que correspondía ó Estado, proviña de fondos Europeos. A Xunta nunca dotou o outro 50%. Non sei si por a crisis, si por recortes. Non ten nada que ver coa política local, coas responsabilidades locais, para nada. A Xunta non dotou o 50%. Pero, según información que teño, dotar a Cedeira dun novo centro de saúde está entre as localidades preferentes. Dende logo, si ese suelo que vades destruír unha pista que vos construíchedes con subvención xa demasiado rápido, cando eu creo que había sitios para ubicar ese espacio.

O Sr. Alcalde di: Volvo a repetir, a ubicación polo uso do pumtrack creo que é a idónea, sobre todo porque está alí na zona deportiva. E volvendo ó da área sanitaria. Claro que se está contemplando dende o Concello o posible aumento, ou facer un centro de saúde novo, pero estamos seguindo as directrices que nos están marcando dende a área sanitaria e dende o propio Sergas. Eso que quede completamente claro. Pero vostede está falando dunhas actuacións que había dun terreo baixo unha subvención, que sería unha parte da dotación económica do Estado e e outra parte da Xunta, que non dotaría, pero eso quedou completamente anulado, é dicir, non existe. A día de hoxe eso é auga pasada. O que estamos falando é do futuro, do día de mañá. Ogallá houbese agora esa cantidade do Estado e houbese que pelear na Xunta esa cantidade.

O Sr. Rubido Ramonde di: Está incidindo no que digo. Cedeira é unha localidade preferente para a construción dun novo centro de saúde e a día de hoxe non se aportou o solo. Non se aportou. E ese solo está informado favorablemente por Sanidade. Primeiro, porque vostedes aportaron antes a pista na que construíron outra instalación deportiva. Aportáronno antes e tivo un informe negativo porque había concentración de servizos. E este foi informado favorablemente. Entre outras cousas, porque a ambulancia que saía de aí xa rebasou todo o casco urbano. Sae directamente.

O Sr. Alcalde di: A Xunta non fala de centro de saúde novo. A Xunta fala de ampliar o centro de saúde actual. Son as directrices que nos marcan agora.

O Sr. Rubido Ramonde di: Son contrarias á información que teño eu. Falan dunha superficie de 3.000 metros, 2.500, a actual ten 500 metros. Falan en planta baixa. E non ten nada que ver.

O Sr. Alcalde di: Esta é a ventaxa de ter o Partido Popular na Xunta. Que este información, que igual nos tiñan que dar a nosoutros, que somos o goberno municipal, lla transmitan a vostede.

O Sr. Rubido Ramonde di: Esta información é relativa ó periodo no que estábamos gobernando nos.

O Sr. Alcalde di: Esta información está dicindo que lla acaban de dicir agora. A información do que se pode facer estallando dando...

O Sr. Rubido Ramonde di: A información que teño eu é esa.

O Sr. Alcalde di: Está dicindo agora. Entón non diga que é a de agora. Está vostede dando a entender iso.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Perdón. Pasámonos todo o mandato anterior escoitando ao daquela portavoz do PSOE, sendo vostede alcalde, falar ¿de qué? ¿Todo o mandato de qué estivemos falando? Do centro de saúde e da subvención que vostedes estaban deixando tirada por non facer un centro de saúde, e que agora veña con esta historia. A única vez que falou vostede do tema do centro de saúde, ou da posibilidade, que no-la plantexou á oposición, da posibilidade de que se podería facer alí, que nosoutros naquel momento dixemos que si, que o podíamos falar, foi ó final xa do mandato, cando xa a subvención practicamente xa non existía, xa estaba finiquitada, xa volara. E agora ven con esta historia. Iso por un lado, porque de verdade que me parece ridículo. E por outro lado, as nosas noticias como goberno municipal non son que poidamos facer un centro de saúde, entre outras cousas porque non existe ningunha dotación económica para facer a día de hoxe ningún centro de saúde. As nosas conversas e as conversas que tivemos co Sergas



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

son na posibilidade de ampliar o centro de saúde existente. E é por aí por onde estamos intentando facer as cousas. Pero, aparte diso, e agradézzolles, por certo, que votaran a favor da moción que presentamos antes, porque ante todo, agora, co centro de saúde que temos, que ten moitas deficiencias, o fundamental é que teña asistencia médica. Cos bos contactos que teñen vostedes no Sergas e con todo o seu partido pídánlles que o atendan dignamente, que é o que hai que pedirilles.

O Sr. Rubido Ramonde di: Fala vostede da subvención, que a deixamos ir. Como si o Concello puidera aportar o outro 50%.

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿Cómo iba a aportar o Concello...?

O Sr. Rubido Ramonde di: Bueno, ¿entonces? Nosoutros non a deixamos ir. Deixouna ir a Xunta, polo que sexa. Porque non terían nese momento esa posibilidade.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Vostedes non tiveron ningunha vontade dende o 2011 ao 2015, non tiveron ningunha vontade, ningunha en absoluto de tirar para que esa subvención acabara convertida aquí nun centro de saúde. Non a tiveron, e é que está claro. En calquera acta que se vexa... E ademáis non eramos nós, non era o Bloque Nacionalista o que falaba deste tema nos plenos. Era o Partido Socialista. Era pleno tras pleno. Pleno tras pleno que se sacaba o mesmo tema.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non foi o 2011, pero buerno.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Do 2011 ao 2015. Nesa lexislatura.

O Sr. Rubido Ramonde di: A subvención foi publicada no BOE non sei si no trece, si no catorce.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non dixen que fora nese ano, pero todo o mandato igual.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nós non temos os resortes da política autonómica. Insistimos, optaron, non sei si por destinar esa subvención a outra cousa. Pero non é a obrigación do Concello, aportar o 50%. De ningunha maneira.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Por suposto que non. Pero é que nadie falou de que fora obrigación do Concello.

O Sr. Rubido Ramonde di: O último trámite que se fixo, viñeron os técnicos aquí, miraron e emitiron un informe favorable.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Cando xa non había cartos para facelo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nós non temos esa postura. Parécenos que é o sitio máis adecuado para o novo centro de saúde. E o actual centro de saúde pode ter outro destino. Dende centro de día ata xeriátrico. E incluso outros fines sociais e culturais. E non hai posibilidade alí de facer, cos criterios actuais, novo centro de saúde. Ningunha posibilidade. Primeiro, porque os edificios existentes dase a posibilidade de que se poden destruír pola cuestión da lei de costas. Primeiro porque non están entre medianeiras. Están entre o xardín e a rúa. Tírenos vostedes e veremos o que pode pasar con Costas.

O Sr. Alcalde di: Servicios técnicos do Concello... Creo que está falando vostede de máis.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Sí, creo que sí.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: En cuestión de tempo e non estou falando de máis.

O Sr. Alcalde di: Eu creo que respecto ó centro de saúde sí que é responsabilidade súa porque eu creo que no seu primeiro momento a ubicación que foi proposta era noutro lado. Vostedes cambiaron a ubicación. Entón tamén se perdeu... Bueno, eu creo que é unha opinión que creo que ademáis se falou aquí nos plenos. Un retraso moi evidente non aceptando ese primeiro terreo que propuxo o Concello ó Sergas. Outros concellos, como o Concello de Ares sí que teñen ese centro de saúde. Co cal creo que tampouco podemos eludir esa responsabilidade nese primeiro momento de querer cambiar unha ubicación. Nós, creo que como corporación, creo que todos os grupos no momento que teñamos e tivésemos unha subvención para poder facelo, eu creo que nos deberíamos de poñer totalmente de acordo, aínda que estivésemos aquí pechados dez horas. Sexa nun sitio ou sexa noutro. Porque eu creo que é algo que nos beneficia a todos e non debemos de botalo para atrás solo porque naza noutro grupo de goberno ou durante outro mandato.

O Sr. Rubido Ramonde di: Mire, para acabar, cáeselle todo o tenderete, o razonamento, porque ten informe desfavorable a ubicación esa. Por iso non se puido seguir por alí. Ten un informe en concreto que di: demasiada concentración de servizos, non é apto o sitio. Xa está, non hai posibilidade ningunha. Había que buscar outra ubicación. Pero bueno, a nosa posición futura é esa. Centro de saúde, e propoñeremos que sexa alí, e que se destine o actual edificio a outros fins sociais.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Vostedes, de todas formas, non foron capaces no seu mandato anterior de facer un centro de saúde, cando xa tiñan concedida unha subvención e deixaron perder esa subvención. Iso está máis que claro.

O Sr. Rubido Ramonde di: Si, si.

O Sr. Alcalde di: Sí, e bastante máis avanzado que isto.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Sí señor. E ata última hora non apareceron, porque o recordo perfectamente, creo que o recordamos perfectamente.

O Sr. Rubido Ramonde di: Si a un cincuenta fáltalle o outro cincuenta...

A Sra. Rodríguez Pérez di: E ata última hora non apareceron con outra posible situación, que tampouco se deu en ningún momento como fixa, porque tampouco podían dala como fixa, evidentemente, sin ter os informes preceptivos. É o que hai, a súa opinión, e a nosa, e a realidade.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu o que digo é, que deixaron perder a subvención, non é así. Porque non é cousa nosa o cincuenta por cento. E xa está. Se o quere entender vostede, enténdao.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non é entendelo eu. Explíquello a todo o pobo. Por qué non temos ese centro de saúde cando había unha subvención para facelo.

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Cándo? Había o cincuenta por certo, logo non había nada.

O Sr. Alcalde di: Encantaríame que hoxe en día no Estado Español estivese gobernando o PSOE, na Xunta, estivese gobernando o PSOE, e veríamos si íamos ter ou non un centro de saúde tendo a metade do diñeiro. Igual é que vostedes non souberon traballalo na Xunta de Galicia cando estaba...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Ou non quixeron, non quixeron.

O Sr. Alcalde di: Ou non quixeron, e estaba a metade do traballo feito.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non foron capaces. O que sexa. Da igual.

O Sr. Rubido Ramonde di: Agora simplemente un rogo. Transmitíronnos algúns veciños o estado das viguetas da Ponte Nova. Si se podería facer un informe. Porque presentan un estado que... ao mellor están perfectas, pero sería bo facer un informe técnico por si hai que facer algunha intervención para consolidalas. Ao mellor simplemente é que o óxido sae. Estamos pedindo o rogo de que se faga un informe técnico. Nada máis.

O Sr. Alcalde di: Nós o que temos mirado é a posibilidade de facer a ponte de granito. Digamos, facer un parcheado de granito, como está, un pouco imitando a pedra que hai no outro lado, para que quedase un pouco máis bonito. Pero bueno, eu tampouco observei...

O Sr. Rubido Ramonde di: Coidado coas imitacións que hai. Non as deixa Patrimonio.

O Sr. Alcalde di: Home, non sei se as deixará, pero máis bonito que de formigón creo que o podemos deixar.

A Sra. Rodríguez Pérez di: A ver, esa ponte patrimonial non é.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e corenta minutos do expresado día.